

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 04 de decembro de 2025, CONSIDERA PERTINENTE, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, dos medicamentos considerados de alto impacto sanitario, social e económico:

DURVALUMAB ou PEMBROLIZUMAB,

en combinación con gemcitabina e cisplatino para o tratamento de primeira liña de adultos con cancro de vías biliares (CVB) localmente avanzado irresecable o metastásico, **sempre que se cumpran os seguintes criterios:**

- Esperanza de vida maior a 3 meses
- No caso de presentar metástases cerebrais, deberán estar controladas con corticoides con dose ≤ 10 mg de prednisona ou equivalente
- No haber progresión da enfermidade nos 6 meses posteriores a finalización de adxuvancia ou realización da cirurxía

O tratamento continuarase ata toxicidade inaceptable, progresión ou un máximo de 35 ciclos (aproximadamente 24 meses).

- **A elección entre durvalumab e pembrolizumab realizarase atendendo a criterios de eficiencia.**
- **En base á evidencia dispoñible e por criterios de eficiencia, valorarase a dosificación por mg/Kg, ata a dose máxima.**

Santiago de Compostela (data e sinatura dixital na marxe)

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde